

## SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

LUGAR: Salón de Plenos do Concello de Tomiño  
DATA: 30 de marzo do 2009  
HORA DE COMEZO: 20.00 horas  
HORA DE REMATE: 21 ,40 horas

### ASISTENTES E ASISTENTAS

Presidenta:

Dona Sandra González Álvarez, alcaldesa (BNG)

Concelleiros e concelleiras:

D. Uxío Benítez Fernández (BNG)  
D. Xaquín Villadangos Fernández (BNG)  
D. Francisco Campo Lago (BNG)  
D. Jesús Castiñeira Diz (CdT)  
D. Pablo Baquero Álvarez (CdT)  
D. Fernando Álvarez Fernández (CdT)  
D. Santiago Vergara Álvarez (PSG-PSOE)  
D.<sup>a</sup> Julia Cascón Sánchez Rodilla (PSG-PSOE)  
D. César Augusto Pérez Ares (PP)  
D. Darío Domínguez Melo (PP)  
D. Roberto Miranda Álvarez (PP)  
D.<sup>a</sup> María Sonia Piñeiro Pereira (PP)  
D.<sup>a</sup> Begoña González Tato (PP)  
D. Jaime Fernández Vicente (PP)  
D. Jaime Pichel Diz (ALT)

Non estivo presente o Concelleiro D. José Domínguez Iglesias (ALT)

Secretaria: Dona Catalina Echevarría Buades, Secretaria do Concello de Tomiño  
Adxunto a Intervención do Concello: Ricardo Pernas Romaní

### 1.-APROBACIÓN DA ACTA 30.12.08.

Toma a palabra a Alcaldesa quen felicita ao PP polo seu triunfo nas Eleccións Autonómicas tomando a palabra a concelleira do PP Begoña González Tato que aínda que agradece a felicitación tamén manifesta a súa protesta e recriminación pola actuación da alcaldesa no derradeiro pleno , cando unha persoa dende o publico a insultou e ademais de non reflectirse este feito na acta, nin sequera mereceu unha chamada de atención por parte da Sra. alcaldesa quen no exercicio da súa función tiña que proceder a impedir estes feitos antidemocráticos e ofensivos para cos concelleiros/as, que non son se non agresións verbais o que demostra que por un lado está o que fala a Sra. alcaldesa e outra cousa son os feitos cando permite coa súa actitude que estes ocorran e pregunta qué pasaría se os insultos houberan sido proferidos contra unha concelleira do BNG ou do PSG.PSOE esperando que alomenos a alcaldesa pida desculpas e que este tipo de situacións non se volvan a producir.  
Comenta a Sra. alcaldesa que o que din a concelleira non é certo que dende logo reprobaba este tipo de feitos e no seu momento mandou calar ao público e os responsables dos insultos son os que os profiren insistindo a Sra.

González Tato na ofensa que iso supuxo explicando a Sra. alcaldesa que mantivo a mesma postura de sempre que foi a de mandar calar ao público e dende logo non pode estar de acordo cos insultos para ninguén aínda que lembra que noutros plenos desta lexislatura, os insultos foron para os concelleiros do PSG.PSOE e do BNG e a súa actitude foi idéntica a que mantivo na sesión de decembro.

Sometido o citado borrador a aprobación o mesmo é aprobado pola unanimidade dos Srs. concelleiros/as

2.- PROPOSTA PLENO CONCELLO RESOLUCION ALEGACIONES INICIO EXPEDIENTE DE EXPROPIACION E DECLARACION DE UTILIDADE PUBLICA E URXENTE OCUPACION DOS TERREOS NECESARIOS PARA A REALIZACION DA OBRA COLECTOR XERAL DE TOMIÑO (TREITO TORRON CARREGAL INCLUÍDA NO PLAN DE SANEAMENTO DE GALICIA CUN ORZAMENTO DE 1.214.991,05 € SEGUN PROXECTO REDACTADO POLA SRA ENXEÑEIRA REBECA FERREIRA NUÑEZ , SENDO A SÚA CLAVE 0H-336.777

No pleno do pasado 21.01.08 acordouse polos Srs. Concelleiros , a adopción dos seguintes acordos:

1.-Solicitar á Xunta de Galicia unha subvención para a obra “colector xeral de tomiño (treito Torrón Carregal incluída no plan de saneamento de Galicia cun orzamento de 1.214.991,05 € segundo proxecto redactado pola Sra. Enxeñeira Rebeca Ferreira Núñez , sendo a súa clave 0H-336.777 informando positivamente ó mesmo sendo a subvención solicitada o 100% da totalidade do proxecto, e remitir o correspondente informe da Intervención Municipal, comprometéndose igualmente á entrega dos terreos e auga necesarios para a execución das obras, así como tódalas autorizacións administrativas necesarias para a realización do proxecto renunciando expresamente á retención de calquera tipo de taxa, canon ou imposto de carácter local con motivo das obras facultándose igualmente, a Sra. Alcaldesa-Presidenta para a realización das xestións necesarias na tramitación do expediente.

2.-Igualmente foi sometido proxecto e o citado acordo a información pública, podendo os interesados examinalo en horas de oficina neste Concello no prazo de 20 días hábiles a contar dende a publicación do correspondente edicto no BOP e no DOG, e presenta-las reclamacións e alegacións oportunas que, debidamente informadas, serán remitidas á Consellería de Medio Ambiente para o seu coñecemento e efectos figurando na documentación deste punto da orde do día, certificación das publicacións de referencia e das alegacións presentadas no seu día

As alegacións presentadas no citado período de exposición pública foron as seguintes:

- D. Víctor Rolán López, con rexistro de entrada nº 1146, de data 14 de marzo de 2008.
- D. Víctor Rolán López, con rexistro de entrada nº 1170, de data 17 de marzo de 2008.
- D. Víctor Rolán López, con rexistro de entrada nº 1144, de data 14 de marzo de 2008.
- D. Víctor Rolán López, con rexistro de entrada nº 1145, de data 14 de marzo de 2008.
- D. Víctor Rolán López, con rexistro de entrada nº1140, de data 14 de marzo de 2008.
- D. Víctor Rolán López, con rexistro de entrada nº 1139, de data 14 de marzo de 2008.
- D. Víctor Rolán López, con rexistro de entrada nº1138, de data 14 de marzo de 2008.
- D. Víctor Rolán López, con rexistro de entrada nº 1134, de data 14 de marzo de 2008.
- D. Víctor Rolán López, con rexistro de entrada nº 1141, de data 14 de marzo de 2008.
- D. Víctor Rolán López, con rexistro de entrada nº 1143, de data 14 de marzo de 2008.
- D. Víctor Rolán López, con rexistro de entrada nº 1137, de data 14 de marzo de 2008.
- D. Víctor Rolán López, con rexistro de entrada nº 1142, de data 14 de marzo de 2008.
- D. Víctor Rolán López, con rexistro de entrada nº1136, de data 14 de marzo de 2008.
- D. Víctor Rolán López, con rexistro de entrada nº 1133, de data 14 de marzo de 2008.
- D. Víctor Rolán López, con rexistro de entrada nº 1131, de data 14 de marzo de 2008.
- D. Fernando Alonso Álvarez, con rexistro de entrada nº 1059, de data 11 de marzo de 2008.
- Dna. Amelia Silva Pérez, con rexistro de entrada nº 969, de data 06 de marzo de 2008.
- D. Promoviuni S.L., con rexistro de entrada nº 966, de data 06 de marzo de 2008.
- D. José Carlos Quintas Montero, con rexistro de entrada nº1207, de data 24 de marzo de 2008.

- D. José Ramón Diz Alonso, con rexistro de entrada nº 1268, de data 27 de marzo de 2008.
- D. Víctor Rolán López, con rexistro de entrada nº 1135, con data 14 de marzo de 2008.
- D. Miguel Solleiro Méndez, con rexistro de entrada nº 1241, con data 25 de marzo de 2008.
- D. Víctor Rolán López, con rexistro de entrada nº 1132, con data 14 de marzo de 2008.

3.-Posteriormente en sesión do 31.10.08 adoptáronse sendos acordos polos que se iniciaba el expediente de expropiación de terreos para o citado COLECTOR XERAL DE TOMIÑO NO TREITO TORRÓN-CARREGAL estimándose que **á valoración do m<sup>2</sup> que hai que expropiar e que figuran no proxecto son acorde cos prezos usuais da zona e para este tipo de solo.**

Figuraba no expediente do citado Pleno:

- O proxecto correspondente
- O informe técnico de adecuación urbanística sen prexuízo de que tramitan as autorizacións sectoriais
- O informe xurídico de adecuación urbanística sen prexuízo de que tramitas as autorizacións sectoriais

**-A acreditación da inclusión do proxecto no correspondente Plan supramunicipal, como o demostra a documentación da consellería do citado mes de xaneiro do 2008, coa**

4.-Ao mesmo tempo foi considerada implícita a declaración de utilidade pública e necesidade de ocupación dos inmobles incluíndo a relación de bens e de persoas propietarias afectadas pola expropiación forzosa, que se especificaban no anexo correspondente. declarándose de utilidade pública o citado proxecto, de conformidade co disposto na vixente Lei do réxime xurídico das administracións públicas e no artigo 56.2 do regulamento para aplicación da LEF ao estar incluída a obra no Plan de saneamento de Galicia polo que de conformidade co disposto no artigo 94 do R.D.L. 781/86, de 18 de abril, esta inclusión leva incorporada a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos terreos e dos edificios nelas abranguidas para os efectos da súa expropiación forzosa.

O citado acordo supón tamén a necesidade de ocupar os terreos e os edificios nelas abranguidos para os efectos da súa expropiación forzosa seguíndose a expropiación individualizada de cada unha das fincas mencionadas informando ao público durante un prazo de 15 días no taboleiro de edictos deste Concello, no BOP e notificándollelo persoalmente ás persoas interesadas, para que os/as titulares de dereitos afectados/as pola expropiación puideran achegar cantos datos permitan a rectificación dos posibles erros que se estimen que se cometeron na relación pública, ou opoñerse á ocupación ou á disposición dos bens ou dereitos por motivos de fondo ou forma

5.-Igualmente no mesmo pleno foi acordada a solicitude de declaración de ocupación urxente terreos de conformidade co previsto na Orde do 7 de decembro de 1983 da Xunta de Galicia, dado que a obra leva incorporada a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos terreos e edificios nelas abranguidos para os efectos da súa expropiación forzosa, por estar incluída no Plan de saneamento de Galicia, de conformidade co disposto na vixente Lei do réxime xurídico das administracións públicas, co disposto no artigo 56.2 do regulamento para aplicación da LEF e, xa que logo, co disposto no artigo 94 do R.D.L. 781/86 de 18 de abril. Ademais acompaña-se da correspondente memoria na que se xustifica debidamente a necesidade de ocupación urxente dos terreos.

Respecto aos acordos relacionados no punto 4 e 5 desta proposta o correspondente edicto foi publicado no BOP 17.11.08 presentándose as reclamacións ao mesmo segundo certificación que figura na orde do día, :

.-De Juan Carlos González Álvarez, relativa a non titularidade dos terreos que na relación figuran coma da súa propiedade. (RE 6082 de 15.12.08)

.-De Promoviun RE 129 de 14.01.09 ratificándose no escrito xa presentado no seu día relativo á titularidade de fincas por adquisición que na relación e notificación practicada, figuran como de titularidade de terceiros

.-De Ricardo Dorna Mariño 24.12.08 RE 6949 recoñecendo que a finca que na relación figura da súa propiedade resulta ser de JOSE CASTOS CABALEIRO.

.-De Víctor Rolán RE 170 15.01.09 xuntando relación e documentación ao respecto , de fincas que aparecendo de outros titulares , o Sr Rolán reclama como propias en virtude da citada documentación.

**.-de Josefa Martínez Teijeira e outro actuando como herdeiros de Rogelio Martínez Rodríguez, RE 6783 12.12.08 , mediante o que manifestan a discrepancia entre a extensión da finca, cuestión esta que está pendente de aclararse ante o catastro, manifestando igualmente a súa oposición ao prezo notificado no seu momento**

Aínda que estase neste intre a tramitar unha serie de autorizacións sectoriais, e tendo en conta que a obra xa foi no seu caso informada favorablemente pola Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento sostible e sen prexuízo de remitir no seu momento o resto dos informes sectoriais pendentes PROPONSE:

.-Rexeitar as alegacións presentadas segundo certificación e documentación que obran no expediente dado que as mesmas ,o ben se refiren á cambio o erros na titularidade dos predios , ou ben ao prezo a pagar polos terreos, polo que o contido destas alegacións será motivo da súa propia e correspondente tramitación cando sexa notificada o inicio do expediente de xustiprezo.

.-Ratificar, entendendo aprobados definitivamente os acordos iniciais, os expedientes de expropiación, e declaración de necesidade de utilidade pública dos terreos necesarios para a realización da obra, remitindo todo o expediente á Xunta de Galicia para que a mesma e de conformidade co disposto na Orde do 7 de decembro de 1983 da Xunta de Galicia,declare a urxente ocupación dos terreos necesarios para a execución desta obra, entendendo a mesma de vital importancia medioambiental.”

Obra no expediente o correspondente dictame da comisión informativa.

Lida a proposta iniciase o debate explicando a alcaldesa que este asunto é a terceira vez que debátese no pleno aínda que trátase de procedementos distintos e agora propónse ratificar a declaración de urxencia dado que o tema da titularidade e o tema do pago de xustiprezo será cuestión posterior notificándose de novo aos afectados garantindo en todo caso os seus dereitos económicos e ás veces iniciase esta obra tan importante.

Comenta o Sr Pérez Ares que están de acordo coa importancia das obras aínda que consideran que o problema vai a ser o prezo e a identificación das parcelas e en todo caso é unha obra fundamental para o concello que xa se iniciou coa anterior goberno municipal do PP e a día de hoxe o actual goberno municipal non conseguiu sacar adiante e son tres anos perdidos pero si están a favor da importancia da obra e da proposta que hoxe debátese compartindo esta opinión o Concelleiro Sr Pichel quen desexa que as mesmas sexan unha realidade.

O Sr Vergara concelleiro do PSG.PSOE manifesta a súa tranquilidade pola postura do concelleiro do PP e confía en que a obra sexa realizada xa pola Xunta argumentando que en ningún caso houbo un retraso inxustificable na tramitación da mesma pero o caso é que as autorizacións sectoriais son moitas aínda que a que figura no expediente avala a legalidade e oportunidade do proxecto.

Sometida a proposta a votación a mesma é aprobada pola unanimidade dos 16 Concelleiros presentes dos 17 que conforman a corporación.

### 3.-PROPOSTA ADXUDICACION DUAS LICENZAS TAXIS:

.-No BOP nº 228 de 24.11.08 saíu publicado o correspondente PREGO PARA A ADXUDICACION MEDIANTE CONCURSO DE DUAS LICENZAS DE AUTOTAXI PARA O SERVIZO DE TRANSPORTE DE VIAXEROS EN AUTOMOVILES LIXEROS DE ALUGUER CON CONDUCTOR

De conformidade co previsto na base cuarta do citado prego e rematado o prazo de presentación de solicitudes das LICENZAS fíxose pública a relación de aspirantes no taboleiro de edictos do Concello e BOP do 22.01.09 ao fin que os interesados e as Asociacións Profesionais de empresarios e traballadores poidan alegar o que estimen procedente en defensa dos seus dereitos e no prazo de 15 días a partires da citada publicación:

RELACION DE SOLICITUDES.

Ana Belén Valverde Pino.

Jose Luis Groba Costa.

No prazo legalmente previsto non foron presentadas reclamacións nin alegacións , polo que se procedeu á apertura da documentación xeral, non tendo lugar a apertura da proposta económica, toda vez que unicamente preséntanse as dúas propostas, polo que no procede a fase de subhasta.

Aberta e examinada a documentación de referencia foi comprobado que de conformidade coas bases os licitadores presentan a documentación esixida na mesma, é dicir acreditación de atoparse en situación de paro e fianza provisional de 40 €

Por parte dos servizos sociais do Concello non se realiza o correspondente informe relativo a adxudicación das licencias aos peticionarios dado que foron dous os únicos que presentaron oferta e cumpren coas condicións esixidas nas bases.

As vistas dos citados antecedentes proponse:

.-adxudicar as dúas licencias licitadas, a Ana Belén Valverde Pino e Jose Luis Groba Costa quenes terán que cumprir o resto das condicións esixidas no prego informando favorablemente a ambos solicitantes aos efectos da obtención da correspondente tarxeta de transporte ante a Consellería correspondente.

.-que unha vez comece a prestación do servizo de conformidade co disposto legalmente, sexan devoltas aos licitadores, as fianzas presentadas á correspondente licitación.

Obra no expediente o correspondente ditame da comisión informativa.

Lida a proposta iníciase o debate tomando a palabra o concelleiro do PP Sr Pérez Ares quen confía en que estas dúas novas licencias dean pé a reorganización do servizo de xeito que o mesmo sexa prestado co carácter permanente garantindo a presenza dos taxis en horario diúrno e outra cuestión a ter en conta é que os vehículos estivesen adaptados ao transporte de minusválidos comentando o concelleiro sr Vergara que este asunto estaba contemplado como criterio no prego pero existindo unicamente dúas peticións , o mesmo será aplicable unicamente se os concesionarios así o estiman.

Sometida a proposta a votación a mesma é aprobada pola unanimidade dos 16 Concelleiros presentes dos 17 que conforman a corporación.

4.-PROPOSTA DA ALCALDÍA: EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 03/09 CONSISTENTE NUN CRÉDITO EXTRAORDINARIO E NUN SUPLEMENTO DE CRÉDITO, ASÍ COMO A MODIFICACIÓN DO ANEXO DE INVESTIMENTOS, CADRO DE PERSOAL.

Sendo necesario incrementar a consignación orzamentaria das partidas :

TIPO DE MODIFICACIÓN	PARTIDA	FINALIDADE	IMPORTE
Suplemento crédito.	323,14 1,00	INCREMENTO RETRIBUCION PERSOAL OBRADOIRO EMPREGO	2.666,00

C. extraordinario.	323.14 1,00	NOVO PERSOAL OBRADOIRO DE EMPREGO	3.727,30
C.extraordinario	422.14 1.00	PROESOR GRADUADO ESO	3.041,18
C.extraordinario	452.75 0.00	APORTACION CONVENIO PISCINA	150.000,00
Suplemento crédito	511.22 1.03	COMBUSTIBLE VEHICULOS recoñocemento extraxudicial	1.918,85
	42.221. 03		209,87
	442.22 1.03		24,00
	324.22 1.03		46,00
	452.22 1.03		83,00
	223.22 1.03		77,00
	121.22 1.00	ENERXIA SERVICIOS MUNICIPAIS recoñocemento extraxudicial	1.795,80
	313.22 1.00		116,52
	412.22 1.00		323,29
	422.22 1.00		3.304,16
	432.22 1.00		36.395,21
	441.22 1.00		13,76
	451.22 1.00		560,26
	452.22 1.00		1.448,84
	533.22 1.00		13,66
	622.22 1.00		749,03
	121.22 1.00		2.241,06
	313.22 1.00		604,85
	322.22 1.00		857,61
	412.22 1.00		421,67
	422.22 1.00		6.862,99
	432.22 1.00		39.370,76
	441.22		13,76

	1.00		
	451.22		1.388,40
	1.00		
	452.22		1.7981,58
	1.00		
	533.22		13,14
	1.00		
	622.22		651,17
	1.00		
C. extraordinario	511.60	SUMINSITRO DE SINAIS recoñecemento extraxudicial	8.119,43
	1.00		
Suplemento crédito	511.21	PINTADO SINALIZACION HORIZONTAL rec. extraxudicial	9.392,81
	0.00		
C. extraordinario	521.22	PROXECTO TECNICO GAP-FILTER BARRANTES rec. extraxudicial	3.364,00
	7.06		
Suplemento crédito	121.22	INDEMNIZACION SINISTRO recoñecemento extraxudicial	1.135,60
	6.03		
Suplemento crédito	313.48	ARTIGOS REGALO recoñecemento extraxudicial	480,00
	9.00		

Considerando o Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais, calculado de conformidade co disposto no artigo 101 do R.D. 500/90, de 20 de abril, e de conformidade coa Base 6ª das de Execución do Orzamento Xeral deste Concello para o presente exercicio e os artigos 35 ó 38 do R.D. 500/90, de 20 de abril, e o artigo 177 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais,

PROPONSE O PLENO DO CONCELLO, PREVIO DICTAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ASUNTOS PLENARIOS, A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

PRIMEIRO.- Aproba-lo expediente de modificación de créditos nº 03/09 consistente nun Crédito Extraordinario e nun Suplemento de Crédito financiados con Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais, así como a modificación do Anexo de Investimentos, Cadro de Persoal e Base 22ª das de Execución do Orzamento 2009, que inclúe o recoñecemento extraxudicial de créditos que se relaciona, para as partidas e polo importe que se recollen na parte expositiva desta proposta.

SEGUNDO.- Resolve lo reparo de intervención que se formula neste expediente.

TERCERO.- Que se tramite o presente expediente de conformidade co disposto no Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais e Bases de Execución do Orzamento, que considera definitivamente aprobado se non se presentan reclamacións durante a súa exposición pública.

Obra no expediente o correspondente ditame da C. Informativa

Lida a proposta toma a palabra o Concelleiro do PP quen quere facer mención ao reparo dos servizos de intervención sobre gastos indebidos por falta de consignación e lembra que os reparos tamén os tivo o PP e os mesmos son xustificables se débense a circunstancias excepcionais e este non é o caso lembrando tamén as críticas que por parte de algún membro do actual equipo de goberno suscitou estes expedientes e que agora non teñen reparo en levar adiante.

Argumenta tamén o Concelleiro do PP Sr Pérez Ares que este expediente non cumpre o principio de estabilidade orzamentaria polo que debido a este asunto e que existen pagos cos que non poden estar conformes o PP vai a votar en contra deste punto da orde do día.

Toma a palabra a Sra. alcaldesa quen quere explicar varias cousas en primeiro lugar existen nesta proposta pagos que corresponden a época do PP en concreto unhas facturas que no seu momento non se atopaban en segundo lugar esta proposta ven a recoñecer pagos a FENOSA por considerar que dada a maior envergadura desta empresa é a mesma quen debe agardar polos pagos do Concello e non os pequenos provedores do municipio a os que os retrasos causarían graves prexuízos e debe subliñarse que si se recoñecen estes cartos é porque existe remanente para o seu pago sen necesidade de que o concello se endebede, existe o diñeiro lembrando que o PP no seu momento dispuxo de mais de dous millóns con cargo a este concepto que gastou como quixo

Toma a palabra o Concelleiro de ALT quen comenta que a súa opinión coincide coa do sr Pérez Ares non sendo de recibo que cada dous por tres o concello acuda a este tipo de recoñecementos para o pago das súas indebidas débedas.

Sometida a proposta a votación a mesma é votada co voto dos 4 Concelleiros do BNG os 2 do PSG.PSOE e os 3 do CdT votando en contra os 6 do PP e o Concelleiro de ALT polo que a proposta prospera co voto da maioría absoluta dos membros desta corporación

## **PROPOSTA DE ALCALDÍA MODIFICACION CONDICIOS SALARAI S ESCOLA OBRADOIRO E AMPLIACION DE PERSOAL**

Visto o informe, do director do obradoiro de emprego Unión del Porvenir de data 19/02/09 (coa documentación que adxunta), no que se propón con efectos dende o 01/01/09 a distribución definitiva da subvención concedida para a contratación de persoal, que se concreta no incremento de retribucións para o director, titora e monitores por incremento das funcións a desempeñar, e a contratación de persoal para orientación laboral e dun técnico de prevención de riscos laborais.

Tendo en conta, así mesmo, o informe da técnica local de emprego de data 20/02/09 no que se pon de manifesto, dada a situación da crise económica actual, que se demanda polos desempregados a mellora do seu nivel formativo para conquistar con maior facilidade un posto de traballo, e polo que considera pertinente que polo concello se contrate un docente con diplomatura en maxisterio ou titulación equivalente para a impartición dun curso para a obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria.

Polo exposto propónse o Pleno, previo ditame da comisión informativa, a adopción do seguinte acordo:

**1º.-** Modifícalo cadro de persoal incorporando como persoal laboral eventual dun orientador laboral, un técnico superior en prevención de riscos laborais e un docente para a impartición do curso de graduado en educación secundaria obrigatoria, coas retribucións recollidas nos respectivos informes.

**2º.-** Modifícalas retribucións correspondentes o persoal adscrito ó obradoiro de emprego de conformidade coa proposta formulada polo director.

**3º.-** Consideralo definitivamente aprobado sé, durante o prazo de 15 días hábiles de exposición ó público a partir da súa publicación no BOP, non se presentaran reclamacións.

Obra no expediente o corresponde ditame da C. Informativa.

Explica a Sra. alcaldesa que recibida a subvención para a escola obradoiro fixéronse unhas previsións prudentes no tema salarial do persoal adscrito ao mesmo reservándose unha parte para a contratación hipotética doutros módulos que logo foran precisos e tendo en conta os informes da dirección da escola agora dótanse e créanse as citadas prazas co visto e prace da Xunta e ademais dado que os actualmente contratados van a dirixir módulos a

maiores dos inicialmente previstos, recoñecese esta maior responsabilidade a nivel salarial e ademais se crea unha praza de persoal docente que imparta as clases para a obtención do título da ESO, necesidade de titulación que urxe aos parados por mor da crise económica.

aínda que esta inversión vai a recuperarse a través da correspondente subvención económica.

Toma a palabra o Concelleiro do PP Se Pérez Ares quen di que a Sra. alcaldesa fala deste obradoiro de emprego como si foise unha novidade do actual goberno municipal esquecendo que durante o goberno local do PP desenvolvéronse alomenos 3 escolas taller e dous obradoiros e a actual soo conta co 25 alumnos cifra ridícula se ten en conta os 45 alumnos que é o habitual e considera que a alcaldesa non pode presumir e por outra banda sempre hai problemas respecto das retribucións do persoal docente pero recoñece que si o mesmo funciona axeitadamente como é o caso, cumpre atender as mesmas evitando que ocorran feitos como en escolas anteriores pola que desfilaron ata 3 directores polo que apoian as pretensións do persoal docente que hoxe tráense ao pleno dado que aínda que o mesmo é exixente tamén é unha garantía para o bo desenvolvemento da escola e vai a votar a favor da proposta pero deben especificarse que antes deste OBRADOIRO DE EMPREGO houbo outros e tamén escolas talleres.

Comenta a Sra. alcaldesa que non sabe de onde se saca a súa opinión o sr Pérez Ares e dende logo non fixo nin unha alusión ao respecto aínda que si ten que lembrar cómo atopábase o edificio da Unión do Porvenir cuberto de maleza e agora vai a recuperarse para disfrute dos veciños comentando o sr Pérez Ares que aínda habería que preguntar aos veciños das parroquias afectadas qué pensan respecto da titularidade do citado edificio e lembra que aínda sigue chea de silvas a fortaleza de Goián e non é moi bo tampouco o estado da escola taller de Goián logo non lle valen os exemplos da alcaldía e quere lembrar que as actuais actuacións son posibles porque antes o PP fixo o traballo de campo que permitiu contar coa correspondente infraestrutura.

Comenta o Sr Pichel que considera xusta as peticións do persoal docente da escola

Sometida a proposta a votación a votación a mesma é aprobada por unanimidade dos 16 Concelleiros dos 17 que conforman esta corporación

#### PROPOSTA ALCALDIA COMPROMISO PISCINA MUNICIPAL:

A Xunta de Goberno Local da Corporación Municipal do Concello de Tomiño, na sesión ordinaria que tivo lugar o día catro de marzo de dous mil nove , adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

#### ACORDOS RELATIVOS Á POSTA A DISPOSICION TERREOS E CONSTRUCCION PISCINA MUNICIPAL.

O pleno do Concello de Tomiño, na súa sesión do 27.06. 08 adoptou os ss acordos:

1. a posta a disposición a favor da consellería de cultura e deporte dunha superficie de 4.497 m<sup>2</sup> e sita na parcela de titularidade municipal cedida ao efecto pola comunidade de montes en man común de tomiño e sita en as Borxas-Carballa segundo escritura subscripta coa citada Comunidade de Montes de data 11.06.08 nº 912 , para a construción dunha piscina cuberta estando a mesma libre de cargas e gravames segundo certificación do rexistro da propiedade e sendo a súa referencia catastral segundo planos do catastro que obran no presente punto da orde do día
2. a citada posta a disposición libre de cargas e gravámonos foi realizada do seguinte tenor
  - a. Parcela que figura nos planos adxuntos cos usos urbanísticos que na cédula urbanística recóllense realizada polo técnico do Concello, Jose Simón Sánchez, e que obran na orde do día para a normal

execución das obras sendo viable á vista do mesmo a obtención de licenza municipal segundo o disposto no artigo 198.5 da LOUGA.

- b. Dedicación dos terreos de referencia ao uso recollido nesta proposta nos termos e condicións que fixa a lexislación de montes en man común.
  - c. Compromiso de asumir los gastos derivados de facer chegar as infraestruturas existentes á citada instalación deportiva tales como os necesarios para a construción dos accesos rodados e peonís, abastecementos, saneamentos, subministro eléctrico, alumeado, telefonía, en condicións e características suficientes para a efectividade da instalación.
3. facultar a Sra. alcaldesa para que formalice a escritura de cesión e demais documentacións que sexa precisa para o cumprimento deste acordo.

No seu momento a documentación obrante no citado Pleno xunto coa correspondente certificación do acordo foi remitida á Consellería de Deportes que coa data de 27.03.09 remitiu ao Concello o correspondente proxecto de convenio para a construción da piscina polo que ás vistas do anterior acordo do Pleno esta XGL órgano competente ao efecto :

ACORDA:

1º.- Prestar aprobación ao proxecto de Convenio de Cooperación a subscribir entre a Xunta de Galicia e este concello que obra na orde do día desta XGL manifestando a aceptación plena e se n reserva algunha de todas e cada un ha das cláusulas que o integran.

O Concello renuncia expresamente a reter da achega da corporación calquera tipo de tributo con motivo das obras.

3º.- Poñer a disposición da Dirección Xeral para o Deporte, os terreos de titularidade municipal ,cunha superficie de 4.497 m2 no lugar de AS BORXAS CARBALA , que se atopan libres de cargas e gravames, co exclusivo fin de posibilitar a normal execución das obras.

De conformidade co acordo do Pleno do 27.06.08 e segundo informe do técnico municipal que obra no expediente é viable á vista do mesmo a obtención de licenza municipal segundo o disposto no artigo 198.5 da LOUGA comprometéndose o concello á súa urbanización simultánea á execución das obras de construción da instalación deportiva antedita, sen que tales obras teñan repercusión económica algunha nas que sexan obxecto de contratación por parte da Dirección Xeral para o Deporte.

4º.- Autorízase expresamente á Xunta de Galicia para que esta inicie, de chegar a proceder, expediente de extinción por compensación das débedas que nazan das obrigas de carácter económico ás que se refiren as cláusulas terceira e quinta, apartado 2.d), do Convenio para o que se solicita a aprobación, nos termos establecidos na cláusula novena deste.

Así mesmo, autorízase expresamente á Xunta de Galicia, en canto administración contratante, a deducir dos importes procedentes do Fondo Nacional de Cooperación Municipal, as cantidades que o Concello tivese pendentes de aboamento.

5º.- En canto ao uso das instalacións deportivas ás que se refire o convenio serán observadas, as prescricións contidas na cláusula sétima do devandito Convenio.

6º.- Recibidas as obras, o Concello comprométese á xestión, mantemento e conservación das futuras instalacións deportivas, sendo de conta deste a totalidade dos gastos que as mes mas xeren.

7º.- Facúltase á Sra. Alcaldesa-Presidenta tan amplamente como en dereito sexa necesario, para asistir ao acto de entrega das instalacións.O referido acto comportará a incorporación da obra ao patrimonio municipal.

AS VISTAS DO CITADO ACORDO e da documentación remitida pola Consellería , con entrada neste Concello o 27/02/09 e o correspondente MODELO DE CONVENIO no que se comunica que esta previsto para este Concello a obra “construción dun edificio para unha piscina cuberta e climatizada” cun importe total de 3.152.296,80 €, dos cales 630.460,00 € serían aportados polo Concello coas anualidades que se detallan:

- Exercicio 2009 150.000,00 €
- Exercicio 2010 250.000,00 €
- Exercicio 2011 230.460,00 €

Tendo en conta que para a execución da obra precisase formaliza-lo convenio remitido o que precisa adoptar determinados acordos municipais, e mais concretamente o previsto na cláusula terceira referida o financiamento na que se impón a este Concello o importes que debe aportar en cada unha das anualidades previstas e que se relacionan no paragrafo anterior.

Considerando que a aportación para o presente exercicio se financia co expediente de modificación de créditos nº. 00/93, tendo en conta o disposto nas base 20 das de execución do orzamento, previo ditame da comisión informativa de asuntos plenarios, se propón a adopción dos seguintes acordo

PRIMEIRO:ratifica-los acordos da XGL.

SEGUNDO: Adquiri-lo compromiso de gastos para exercicios futuros a favor da Consellería de Cultura e Deportes con cargo a partida 452.750.00 por importes de 250.000,00 € para o exercicio do 2010 e 230.460,00 € para o exercicio 2111.

O Concello comprométese a formalizar os desembolsos económicos de acordo coa cláusula 5.2.d) do convenio, na que se establecen o réxime de ingreso das achegas e os prazos para a súa efectividade.

TERCERO.- Remiti-lo presente acordo a Consellería de Cultura e Deportes os efectos pertinentes.

Obra no expediente o correspondente ditame da C. Informativa.

Lida a proposta iniciase o debate tomando a palabra a Sra. alcaldesa quen explica que esta proposta pretende a ratificación de acordos xa adoptados pola Xunta de Goberno e ademais dotar da correspondente financiación municipal a esta infraestrutura que suporá unha aportación do Concello de 630.000 €.

Toma a palabra o Sr Pérez Ares quen considera que esta proposta non foi tratada coa axilidade necesaria dado que o escrito da Xunta en relación ao tema tivo a súa entrada no concello o pasado 27 de febreiro e estase a tratar o asunto hoxe 30 de marzo e o pleno tiña que haberse celebrado antes e aínda que houbera podido explicarse unha demora ,a mesma loxicamente tiña que haber sido dunha semana nunca dun mes como é o caso ,salvo que se considerara que o asunto non corría presa dado que o resultado das eleccións non ía a ser o que foi pero a vontade democrática foi outra.

Toma a palabra a Sra. alcaldesa quen manifesta que vista a postura do Sr Pérez Ares, confía en que a presente proposta sairá adiante e contará co visto bo do partido que vai a tomar posesión do goberno autonómico contestando o Sr Pérez Ares que dende logo conta co seu apoio neste asunto sempre que o mesmo se axuste á legalidade comentando a Sra. alcaldesa que espera que a Xunta do PP mantiña o compromiso de investir mais de dous millóns de euros nesta infraestrutura e sería unha pena que a mesma non foise adiante

Toma a palabra o Sr Pichel quen considera que o momento económico non é bo mais aínda así, votará a favor da proposta.

Sometida a proposta a votación a votación a mesma é aprobada por unanimidade dos 16 Concelleiros dos 17 que conforman esta corporación

#### 8.- PROPOSTA ALCALDIA COMPROMISO RELATIVO AO PROXECTO DA SENDA PEONIL Á ESTRADA PO 344 NO MARXE DEREITO EN TEBRA (SAN SALVADOR)

Visto o escrito documentación e proxecto respecto da SENDA PEONIL Á ESTRADA PO 344 NO MARXE DEREITO EN TEBRA (SAN SALVADOR) que obra na orde do día xunto co correspondente INFORME do Concelleiro Santiago Vergara conforme acredítase que os titulares das parcelas afectadas pola mencionada obra recoñecen que as mesmas xa foron expropiadas polas obras de ensanchamento e mellora da devandita obra que no seu día executou a C.P.T.O.P.T

#### PROPONSE:

-A posta a disposición libre de cargas e gravámenes, de tódolos terreos necesarios e co réxime urbanístico adecuado para a execución das obras así coma a reposición de servizos e servidumes afectados non incluídos no proxecto.

-Concesión dos correspondentes permisos e autorizacións necesarios para levalas a cabo.

-Asumir unha vez recibidas as obras e logo da comunicación da Delegación , a explotación mantemento e conservación das mesmas e os seus servizos.

Obra no expediente o correspondente ditame da C. Informativa.

Lida a proposta iniciase o debate tomando a palabra a Sra. alcaldesa quen considera moi necesario levar a cabo este proxecto tendo en conta que os terreos xa son propiedade da CTOPV como consecuencia das obras de ampliación da estrada.

Toma a palabra o concelleiro do PP Sr Pérez Ares quen solicita información respecto da ubicación das beirarrúas cuestión que é aclarada polo Concelleiro Sr Vergara quen explica que tratou este asunto cos veciños afectados e os mesmos recoñeceron que os terreos afectados polo proxecto foron expropiados no seu momento comentando o sr Pérez Ares que considera que as beirarrúas son necesarias intervindo o Sr Miranda quen confía que as obras non se demoren como no caso da PONTE DO FURNIA, aclarando o Concelleiro Sr Campos que estas últimas estaban pendente de autorizacións de particulares que xa foron dadas e van a iniciarse de xeito inmediato dado que están contratadas

Comenta o Concelleiro de ALT que está a favor desta obra sempre e cando a mesma signifique unha mellora para os veciños.

Sometida a proposta a votación a votación a mesma é aprobada por unanimidade dos 16 Concelleiros dos 17 que conforman esta corporación

#### RESOLUCIONS DA ALCALDIA.

Os Srs. Concelleiros danse por informados.

#### MOCIONS DE URXENCIA.

A Sra. alcaldesa da conta da presentación da SEGUINTE MOCION DE URXENCIA.

## PROPOSTA RELATIVA AO ACONDICIONAMENTO DE TERREO EN CRISTELOS PARA XOGO DE BOLOS ASINANDO COA XUNTA DE GALICIA O CORRESPONDENTE CONVENIO

A Asemblea da COMUNIDADE DE MONTES DE BARRANTES e mediante acordo da súa asemblea Xeral extraordinaria celebrada o día 20.12.08 acordou e previa petición do Concello ao efecto, a cesión de terreos sitos no recinto de festas de Grixo co carácter indefinido para acondicionamento de campo de bolos quedando fora do mesmo o palco da festa, durando esta cesión mentres exista o equipo de bolos da parroquia e sempre e cando non exista impedimento para a celebración da festa.

O presente escrito foi remito á Xunta de Galicia, Consellería de Cultura e Deporte quen coa data de 16.02.09 remitiu ao Concello a proposta de convenio a asinar coa mesma e que contempla unha inversión integramente a súa costa de 87.010,65 € solicitando a adopción do correspondente acordo municipal ao respecto.

Por parte do Concello e ao fin de expedir o correspondente informe de adecuación urbanística, foron tramitados tanto ante a propia Consellería de Cultura como da Deputación Provincial, a emisión dos correspondentes informes.

Coa data de 30 de marzo do 2009 RE 1.407, a DEPUTACION, remite o informe das condicións que deberá reunir a mencionada infraestrutura

Igualmente e o mesmo 30.03.09 a CONSELLERIA remite documentación suplementaria solicitada polo Concello de xeito que o Concello poida emitir o informe de adecuación urbanística.

Ambos obran no presente punto da orde do día, e dan lugar ao informe da AQUITECTA DO CONCELLO tamén a día de hoxe 30.03.09 polo que infórmase FAVORABLEMENTE A INSTALACION DUNHA CUBERTA NO CAMPO DE BOLOS EXISTENTE EN CRISTELOS-GRIXO da parroquia de Barrantes informe que tamén obra no presente punto da orde do día:

Ás vistas dos citados antecedentes PROPONSE POR ESTA ALCALDIA:

A DECLARACION DE URXENCIA do presente punto da orde do día que permitirá a realización da citada infraestrutura con cargo integro á CONSELLERIA DE CULTURA E DEPORTES e pola cantidade antes indicada urxencia que basease na necesidade de que a citada infraestrutura de uso publico para os veciños da parroquia sexa unha realidade á menor brevidade

Unha vez adoptado o acordo da urxencia da moción PROPONSE:

1.-, Prestar a aprobación ao PROXECTO DE COOPERACION A SUSCRIBIR ENTRE A XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO, que figura na orde do día manifestando a aceptación plena e sen reserva de tódalas cláusulas que o integran.

2.-Para a realización das obras consistentes na execución da citada infraestrutura para deportes tradicionais (campo de bolos) no marco do devandito Convenio, a Consellería de Cultura e Deporte compromete unha achega económica polo total do Orzamento que acada a cantidade de 87.010,65 € imputables a anualidade do 2009.

3.- A posta a disposición a favor da Consellería de cultura e Deporte a superficie doTERREO SITO NO RECINTO DE FESTAS DE GRIXO PARA ACONDICIONAMENTO DE CAMPO DE BOLOS tendo que cumprirse as condicións de uso determinadas pola ASAMBLEA DA COMUNIDADE DE MONTES DE

BARRANTES coa data de 20.12.08 ,terreos que atópanse libres de cargas e gravámenes co fin exclusivo de posibilitar a normal execución da obra

Os terreos para os que se adquire o compromiso de posta a disposición son aptos urbanísticamente para a execución da obra constando a mesma cos servizos necesarios para o desenvolvemento das actuacións a realizar segundo informe da Arquitecta do Concello de data 30.03.09

5°.- En canto ao uso das instalacións deportivas ás que se refire o convenio serán observadas, as prescricións contidas na cláusula sétima do devandito Convenio.

6°.- Recibidas as obras, o Concello comprométese á xestión, mantemento e conservación das futuras instalacións deportivas, sendo de conta deste a totalidade dos gastos que as mes mas xeren.

7°.- Facúltase á Sra. Alcaldesa-Presidenta tan amplamente como en dereito sexa necesario, para asistir ao acto de entrega das instalacións.O referido acto comportará a incorporación da obra ao patrimonio municipal.

Sometida a urxencia da moción a votación a mesma é aprobada pola unanimidade dos 16 Concelleiros presentes dos 17 que conforman a corporación .

De seguido se inicia o debate respecto da proposta tomando a palabra o Concelleiro do PP Sr Pérez Ares quen quere agradecer publicamente á COMUNIDADE DE MONTES DE BARRANTES, a cesión dos terreos comentando a Sra. alcaldesa que o concelleiro do PP non lle deu tempo a mostrar este agradecemento e dende logo o goberno municipal súmase ao mesmo, e trátase dunha infraestrutura que recuperará este deporte tradicional galego e a inversión será a conta integramente da Xunta, comentando o sr Pichel que esta conforme coa proposta.

Sometido o contido da moción a votación a mesma é aprobada pola unanimidade dos 16 Concelleiros presentes dos 17 que conforman a corporación .

## ROGOS E PREGUNTAS.

De seguido se inicia o citado turno tomando a palabra a concelleira Sra. González Tato quen plantexa as ss cuestións.

1.-si por parte deste Concello se fixo xestión para que a unidade da ITV se trasladara a Tomiño a fin de prestar o citado servizo aos vehículos agrícolas ciclomotores etc, comentando a concelleira de tráfico que se puxeron en contacto coa empresa que presta os mesmos quen comprometéronse e si foise posible a prestar o mesmo este ano, ofertándose un lugar ao efecto e estase a espera .

2.-Solicita a citada Concelleira informe respecto á organización da campaña municipal da loita contra a infección por IVH dado que xunto co correspondente texto informativo acompañouse un arquivo dende a OMIX que considera totalmente improcedente , procedendo a mostrar a reprodución do mesmo e solicita se aclare quén foi o responsable político que autorizou o mencionado envío.

Comenta a Sra. alcaldesa que o citado arquivo non é moi apropiado pero en todo caso deberíase pedir explicacións ao técnico municipal que procedeu ao seu envío non sendo coñecedores do mesmo os responsables municipais, considerando a concelleira Sra. González Tato que resulta increíble esta circunstancia dada a dedicación exclusiva dos mesmos ao Concello, explicando a Sra. alcaldesa que os técnicos do Concello tiñan a súa responsabilidade propia e para iso son técnicos comentando o Sr Vergara que haberá de realizarse as oportunas averiguacións ao respecto comentando o Sr Castiñeira que en absoluto considera axeitado o envío do citado arquivo e deberá solicitarse explicacións ao persoal municipal responsable tomando a palabra a Sra. alcaldesa, quen considera que mais alá da oportunidade o non do contido do arquivo non debe esquecerse que as campañas de prevención contra o contaxio da SIDA, solen ser agresivas e arriscadas sexa quen sexa a

administración que as leve a cabo aínda que recalca que en ningún caso o envío do arquivo de referencia contou coa autorización dos responsables políticos deste Concello para o seu envío.

3.-Pregunta o Sr Pérez Ares pola obra de reforma do Concello confiando que as mesmas redunden na mellora dos servizos do Concello e aínda que considera unha boa elección o traslado dos servizos sociais ao antigo centro de saúde, non ten esta opinión respecto dos servizos da policía local e de protección civil, e considera que a policía tiña que permanecer na casa Consistorial tendo en conta as súas funcións de protección respecto das autoridades e protección civil tendo en conta que a maioría dos seus compoñentes son de Goián e que trátase dunha prestación voluntaria, a sede tiña que permanecer en Goián debido ao tempo e diñeiro do seu peto que significara o traslado dos voluntarios a Tomiño e de paso quere preguntar por cuanto tempo vai a facerse esta cesión pola Comunidade de Montes de Tomiño

Contesta a Sra. alcaldesa que en principio é de 6 anos e considera que a situación ata este momento das dotacións dos servizos sociais era moi deficiente e agora contan con unhas instalacións acordes coas súas funcións e respecto ao tema da Policía Local , considera que a Casa Consistorial adoece de un grave problema de espazo e o traslado da Policía ao novo local non implica que as súas funcións queden desatendidas e respecto de protección civil lembra que é un servizo de carácter municipal para actuar e caso de emerxencias en todo o municipio logo a súa ubicación actual considera que lle outorga mais facilidade para o seu desprazamento e respecto o tempo de duración da cesión , considera que 6 anos en un prazo absolutamente pequeno e cree que existe unha falla de previsión por parte do actual equipo de goberno.

Toma a palabra o Sr Vergara quen explica que sempre existe un policía local nas inmediacións da casa consistorial e no que respecta ao servizo de protección civil aínda que o mesmo este conformado por voluntarios , a súa financiación é con cargo a fondos públicos e loxicamente a súa ubicación debe ser en locais desta titularidade e procurase que se integren na agrupación xente de tódalas parroquias esperando que a nova ubicación axude e considera que as actuais instalacións melloran sensiblemente as anteriores.

Contesta o Sr Pérez Ares que o Sr Vergara parece esquecer que protección civil é un servizo municipal presidido pola Sra. alcaldesa dos poucos que aínda seguen funcionando como tales e non cree que esta nova situación axude o seu mantemento dado as dificultades de traslado dos seus voluntarios, lembrando o sr Vergara que como servizo público costeado con cartos desta natureza as súas instalacións ten que ser municipais.

Comenta a Sra. alcaldesa ,que non se trata de falta de precariedade senón de proxectos a longo prazo e en todo caso aínda que as actuais instalacións revertan a COMUNIDADE DE MONTES transcorridos os anos de cesión , é o menos que pode facer o Concello despois de todo o que fixo a comunidade de Montes de Tomiño polo municipio.

Insiste o Concelleiro Sr Pérez Ares que non ve unha alternativa a esta solución provisional dado que o futuro mais ala destes 6 anos

Toma a palabra o Concelleiro Sr Benitez quen considera que as reformas que van a levarse a cabo son absolutamente necesarias debido ao estado obsoleto das dependencias da Casa do Concello e que vai a ser unha realidade co cargo a correspondente subvención autonómica polo que o Concello poderá arranxar outros bens da súa titularidade como a antiga casa do médico xunto a praza de abastos para dependencias municipais e mentres tanto se opto por solucións temporais e vai a seguir solicitando subvencións á Xunta para o arranxo de dependencias que espera sexan outorgadas coa colaboracións de tódalas forzas políticas.

.-Explica o Sr Pérez Ares que na relación de gastos aparece un de 6.000 € adicado a un estudio sobre transporte interparroquial o que parece a todas luces excesivo cuestión que non comparte o Concelleiro do PSOE Sr Vergara quen considera o mesmo necesario para xustificar a necesidade do mesmo ante a Xunta de Galicia recibándose os datos necesarios a través do oportuno traballo de campo insistindo o Concelleiro Sr Pérez Ares na súa consideración dado que existen empresas e servizos que darían os citados datos de xeito gratis ao Concello.

.-Pregunta o Concelleiro Sr Pérez Ares polo chamado Teatro de Brito?? explicando o Concelleiro Sr Castiñeira que tratase da asociación que colaborou coa escola de teatro municipal solicitando o sr Pérez Ares que consta na acta que segundo o concelleiro Sr Castiñeira a escola municipal conta co cerca de 40 alumnos.

.-Pregunta o Concelleiro Sr Pérez Ares polo Plan Director de Saneamento contestando o Sr Vergara que pode consultalo no seu despacho.

.-Solicita información o Concelleiro Sr Pérez Ares sobre quen costeaba a limpeza do Centro de Saúde de Tomiño explicando a Sra. alcaldesa que ata fai pouco o propio Concello e agora xa , o SERGAS

E, ao non haber máis asuntos que tratar e ao ser as 21:40 horas do día que figura na data, pola Sra. Alcaldesa levántase a sesión da que eu como secretaria dou fe.

Tomiño, 30 de marzo de 2008

Visto e prace  
A alcaldesa

A secretaria,

Sandra González Álvarez